

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 28 de febreiro de 2024 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e na Sala Manolo Ramos, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 24 de xaneiro de 2024.
- * Aprobación do calendario académico para o curso 2024/2025.
- * Aprobación do calendario académico do Centro Universitario da Defensa (CUD), adscrito á Universidade de Vigo, para o curso 2024/2025.
- * Aprobación da extinción da Comisión de Estudos Propios creada polo Consello de Goberno o 20 de novembro de 2020.
- * Aprobación da estrutura e composición da Comisión de Estudos do Centro de Posgrao e Formación Permanente (CPFP), que realizará as funcións da Comisión de Estudos Propios.
- * Aprobación da proposta de prezos para os complexos residenciais da Universidade de Vigo para o curso 2024/2025.
- * Aprobación da modificación do Regulamento da Comisión de Política Lingüística da Universidade de Vigo.

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.